

## PEZA DO MES


xuño

2013

---



**PEZAS LÍTICAS PUÍDAS**



MÁMOA E ÁREA PROSPECTADAS POLO ENXEÑEIRO M. DÍEZ SANJURJO. MAPA DE 1924

## Pezas líticas puídas

*“Crouco rapado, faime un arado.  
Non fago, non, que non teño machado”.*  
[Vázquez Saco, F. (2003)].

Na transición do s. XIX ao s. XX foi construída a primeira estrada entre as vilas de Carballiño e Cea, dentro do proxecto da estrada Ribadavia-Cea no mesmo trazado que ata os anos 90, uniu ambas cabeceiras de concello. Esta obra foi acompañada dunhas prospeccións arqueolóxicas parciais dos municipios do Carballiño, Cea e Vilamarín nunha área de 90 km<sup>2</sup> entre os castros de S. Facundo, Covas, Martiñá, Bainte, Morgade e Sta. Águeda. O traballo de terreo correu a cargo do enxeñeiro de camiños, canais e portos, Manuel Díez Sanjurjo (Burgos, 1870-Valladolid, 1941) co obxectivo de impulsar o estudo dos posibles poboadores antigos que el denominaba *“célticos”*. A produtividade desta prospección plasmouse na localización de 60 mámoas que se situaban maioritariamente na chaira onde nace o río Barbantiño. A primeira publicación destes achados foi realizada por conta de Arturo Vázquez Núñez (Ourense, 1852-1907) –xornalista, investigador e amigo do enxeñeiro– e materializada nun artigo do *Boletín* nº 20 da *Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* (xuño, 1901).

**A prospección e a escavación: resultados.** Vázquez Núñez describiu os resultados dos traballos e os achados materiais destas prospeccións e escavacións arqueolóxicas, como un fito histórico para o coñecemento dos enxovais funerarios megalíticos da provincia ourensá. Tal foi o seu impacto que dende 1901 serán citados bibliograficamente ata en catorce ocasións por autores tan recoñecidos como H. Obermaier Grad, F. López Cuevillas, X. Lorenzo (*“Xocas”*) e F. Bouza Brey.

**As pezas: a mámoa, a “exploración” do enxeñeiro e os achados.** As tres pezas seleccionadas son líticas e gardan un destacado vínculo cos traballos da técnica de puído da pedra. Trátase dun machado, dunha probable gobia e dun posible puído. As dúas primeiras pezas foron rexistradas na segunda das mámoas *“abiertas”* por M. Díez Sanjurjo no quilómetro 24,2 da antiga estrada Ribadavia-Cea. A mámoa estaba situada a 30 m do trazado da estrada e non lonxe doutra mámoa na que non se terían rexistrado materiais.

A bibliografía consultada indica que a intervención neste monumento teríase concentrado no interior da cámara sepulcral ou anta e na masa de terra que formaba o túmulo. No interior da anta só se acharon restos de cerámica decorada, *“carbones”* e *“barro cocido”*, pero na masa tumular foron rexistrados o machado, a probable gobia e outras pezas líticas talladas –doados ao Museo en 1901–.

No caso do posible puído –doado ao Museo en 1902–, ningún dos investigadores que o trataron foi quen de especificar a localización exacta do seu descubrimento; de feito remítense á cita inicial de Vázquez Núñez no *BCPMHA* de Ourense (marzo-abril, 1902), que sitúa o achado no contexto das 60 mámoas exploradas polo enxeñeiro.

**As pezas: descrición.** A morfoloxía xeral do machado é trapezoidal (Fig.1). Trátase dun útil de desenvolvemento lonxitudinal con seccións laterais rectangulares, caras convexas, lados rectos e arestas converxentes con tendencia rectilínea. O gume é convexo-asimétrico, cunha das caras máis curvada, namentres que a silueta do talón é irregular a causa do seu truncamento. Nas caras da peza obsérvanse dous lenes rebaixas concoidais intencionais, que se orientan en paralelo ao eixo da peza ata acadar a zona medial, co obxectivo de facilitar o mangado. A superficie puída mostra alteracións derivadas do proceso de elaboración da peza ou da manipulación posdeposicional, cun acabado máis groseiro, onde se observa a textura fibrosa con cores de tonalidades escuras (azulinas, gris e marróns) da materia prima.

A gobia é un útil de desenvolvemento lonxitudinal cuxa morfoloxía xeral (Fig.2) amosa unha silueta fusiforme de arestas paralelas curvas, e destaca a zona activa, cun fio convexo simétrico e afuracado que a clasificaría no tipo gobia. No outro extremo, o proximal –malia a sección parcial do talón– ten tendencia a ser apuntado. A superficie é opaca cun puído de extensión moi regular, un brillo sedoso, unha textura fibrosa de cores escuras (gris e marrón) e non se evidencia un macrodesgaste por uso ou manipulación posdeposicional.

Finalmente, só engadir que nestas dúas pezas a materia prima podería tratarse de cuarcita grafitosa e a diferente morfoloxía das caras estarán en relación coa súa función, ergonomía e cinemática.

O soporte do posible puído (Fig.3) é un bloque poliédrico fracturado nunha das súas faces. A análise morfolóxica do bloque distingue unha serie de datos xeométricos, aos que engadiríamos a forma pentagonal irregular da posible base e a forma subrectangular das caras laterais, para termos unha morfoloxía xeral que definiríamos como unha figura de xeometría prismática, pentagonal e irregular. A superficie da peza evidencia un acabado groseiro heteroxéneo. Neste senso destacaríamos os cinco negativos apicoados e irregulares da posible base. Namentres que na cara oposta, salientaríamos unha subdivisión diagonal, cunha cara afectada por unha abrasión homoxénea e a concavidade puída da outra cara, cunha morfoloxía elipsoide ben delimitada. Esta última característica morfofuncional –e en ausencia da parte fracturada– explicaría a definición práctica de puído móbil, ou exento, que lle atribúe a bibliografía. Por último, a materia prima granítica presenta un gran finomedio, cun grao de alteración incipiente, un aspecto descolorido e un grao de resistencia baixo.

**As pezas: cronoloxía, tecnoloxía, uso, contextos cultural e ambiental:**

**Onde o tempo fica** ou como datamos as pezas? A datación dos restos arqueolóxicos depende de como foron descubertos e rexistrados. No caso da peza clasificada como gobia e do machado, foron atopadas nunha mámoa, pero o contexto arqueolóxico do posible puidor é descoñecido. Para as primeiras pezas, rexistradas na masa tumular, existen dúas posibilidades, ou foron depositadas *ex profeso* durante as diferentes fases de obra e/ou uso do monumento funerario, ou son o resultado do reboutallo derivado de escavacións furtivas posteriores. No primeiro suposto, menos frecuente, o depósito do machado e da probable gobia abarcaría unha antigüidade aproximada de 6500-3800 anos (V-II milenio a.C.). Mentres que o posible puidor tería sempre unha data moi relativa a falta de coñecer o seu contexto exacto e pola falta de exemplos deste tipo de pezas en Galicia.

As tres pezas serían representativas de dous dos períodos máis recentes da Prehistoria: o Neolítico e o Calcolítico. Esta foi unha etapa de transición climática global denominada paleoambientalmente como Subboreal e que se resume nunha serie de cambios atmosféricos que provocaron a moderación das condicións ambientais, con clima máis cálido e húmido, e a transformación progresiva da cuberta vexetal esteparía nunha mesta vexetación de bosque. Este proceso natural detéctase no rexistro arqueolóxico paleoambiental xunto con mudanzas nas estruturas de traballo e sociedade cara formas máis complexas de adaptación aos cambios no medio, co inicio da produción de alimentos e levando consigo unha progresiva sedentarización dos grupos humanos.

O nome do principal período provén da utilización masiva dunha nova técnica de fabricación de utensilios líticos –o puído–: o Neolítico (do grego *νέος*, *néos*: novo; *λίθος*, *lithos*: pedra); así como dun novo emprego de materias primas rochosas. Esta técnica responderá ás necesidades dos incipientes modos de vida, que motivaban a apertura de claros nas fragas por medio das rozas e da queima de vexetación, e onde se experimentarán os primeiros cultivos e o pastoreo –domesticación– para complementar a dieta diaria.

**Metamorfose lítica** ou como transformar unha rocha nun artefacto puído e con gume? No caso da probable gobia e do machado, a transformación do deseño conséguese aplicando novas técnicas de apicoado, desbaste e acabado, cun puído final abrasivo. O puído conséguese a través da interposición dun abrasivo –area húmida ou auga– entre as caras da *preforma* e a superficie de rochas fortemente granuladas –como no caso do posible puidor– ou porosas, producindo unha zona de fricción.

A xeneralización da técnica de puído implicará tamén unha mudanza nos criterios de selección das materias primas líticas, porque permite ampliar o repertorio de rochas aproveitables.

**Modo de emprego** ou para que puír unha rocha ata obter un útil? Os trazos da modificación paulatina do medio que amosa o rexistro arqueolóxico neolítico en Galicia, implicou unha resposta humana co obxectivo de satisfacer as súas necesidades vitais de materias e enerxía. Con este obxectivo e circunstancias desenvolveuse a produción dunha nova gama de posibles alimentos, con remoción de terras para o cultivo de cereais, favorecendo a proliferación de certas especies vexetais –pradarías, etc.– e árbores froiteiras silvestres –abeleiras, etc.–, para consumo humano directo e a forraxe do gando. Esta evolución

poderíase exemplificar a través da transformación dos cereais. No procesamento dos grans de cereal entrarían en xogo a trituración e a moenda para obter un formato que favorecese a súa almacenaxe e consumo. Estas técnicas teñen moito a ver co puído, sobre todo na fase final da moenda, onde participan os muíños máis primitivos –os naviformes–, que están compostos por dúas pezas puídas, unha pasiva e outra activa.

O rexistro en Galicia da utilización do puído e do apicoado nos muíños naviformes neolítico-calcolíticos convida a pensar que xa coñecían estas técnicas. Se así foxe, e recapitulando, temos que o rexistro arqueolóxico mostra actividades de deforestación, que o machado –utilizado nas rozas– e a probable gobia –usada para tallar útiles en madeira– foron descubertos no contexto arqueolóxico dunha mámoa, e están feitos en materias primas rochosas locais a través das técnicas de apicoado e posterior puído fino. Estas evidencias levarían a supor a existencia dalgún tipo de produción lítica puída autóctona. Non obstante, cómpre ser prudente nesta suposición, xa que é necesario realizar unha análise petrográfica máis minuciosa da materia prima e atopar un elemento imprescindible –a superficie de abrasión ou puidores–. Neste punto entraría en xogo un presumible indicio neste senso: o posible puidor granítico rexistrado durante as “*exploraciones*” do Enx°. Díez Sanjurjo.

Un elemento final na funcionalidade dos machados é o **mango**. Este instrumento alongado, feito en materiais resistentes, flexibles –madeira, oso, asta– e coa función de hastil, colocábase perpendicularmente ao machado puído, proporcionando maior eficacia no movemento mecánico de percusión lineal lanzada. No caso do machado que se presenta, a diferente morfoloxía das caras podería estar en relación coa ergonómia deste mango.

**As pezas: a conservación histórica e a perdurabilidade etnográfica.** No estado actual da investigación pouco máis se pode dicir da industria lítica puída en Galicia, salvo algúns avances en termos de tipoloxías descritivas, posibles cronoloxías, análises de superficies e de probables orixes das materias primas. A bibliografía sobre os posibles puidores e a produción a nivel local tamén é escasa. Por esta razón trataremos outras áreas de estudo de fóra de Galicia, que si teñen unha tradición na investigación desta temática.

No **norte de Francia** os primeiros puidores foron inventariados e publicados progresivamente dende finais do s.XIX, co establecemento de tipoloxías morfodescritivas e análises petrográficas dos útiles puídos, e aplicando metodoloxías pioneiras provenientes da Gran Bretaña. Nesta área gala existen exemplos de puidores rexistrados arqueoloxicamente con datos sobre materias primas, canteiras, e o uso de puidores fixos e móbiles.


No centro de **Nova Guinea Occidental** a tradición no fabricación e uso de útiles líticos puídos para a corta de árbores perdurou ata 1990 entre as comunidades primitivas de horticultores deste territorio transcontinental. Os estudos indican que os machados e as aixolas xogaban un rol de primeira orde na reprodución e transmisión técnica da súa primitiva economía (deforestación, apertura de claros e terras de cultivo, etc.) e na súa vida social (dotes matrimoniais, intercambios, etc.), xunto cos puidores fixos e as canteiras de materia prima para puír, que se utilizaban a xeito de puntos físicos de referencia na paisaxe para establecer os límites territoriais entre as tribos.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xermán Darriba Barba.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



XUNTA  
DE GALICIA